ESTREA DO DOCUMENTAL "ENCE: 60 ANOS MÁIS?"

Desde a "Asociación Pola Defensa da Ría" de Pontevedra (APDR) queremos compartir coa cidadanía da comarca pontevedresa a estrea do documental "ENCE: 60 ANOS MÁIS?", un documental de 36 minutos de duración no que temos colaborado distintas persoas vencelladas ao noso colectivo que ofrece unha visión absolutamente crítica coa decisión do goberno en funcións do PP de prorrogar a concesión de ENCE na Ría por outros 60 anos.

A proxección do documental, editado por GALIZA CONTRAINFO, vai ter lugar o próximo MARTES 19 ÁS 20:30 HORAS nos locais do ARQUIVO DA DEPUTACIÓN situados na rúa Padre Amoedo esquina coa Rúa Sarmiento e vai ser presentado por ZÉLIA GARCÍA, membro da amentada editora.

Queremos animar a toda a cidadanía da comarca a asistir á estrea do documental e a participar no coloquio posterior arredor da problemática actual da presenza de ENCE na Ría e as posibilidades de impedir a súa permanencia en Lourizán mais alá do 2018, data na que remata a concesión de actividade outorgada no ano 1958.

Pola Asociación Pola Defensa da Ría,
Asdo.: Antón Masa